

RESOLUCIÓN POLA QUE SE DETERMINA A DISTRIBUCIÓN DAS BOLSAS CONCEDIDAS AO AMPARO DA RESOLUCIÓN DO 11 DE DECEMBRO DE 2025 POLA QUE SE CONVOCAN AS BOLSAS DE FORMACIÓN PARA O ANO 2026.

Antecedentes

1. O día 9 de agosto de 2022 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (en diante, DOG) a Resolución do 21 de xullo de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das bolsas de formación e se procede á súa convocatoria para o ano 2022.
2. O día 26 de decembro de 2025 publicouse no DOG a Resolución do 11 de decembro de 2025 pola que se convocan as bolsas de formación para o ano 2026 (código de procedemento VI440D).
3. Consonte ao punto segundo do ordinal primeiro da devandita resolución, convocáronse trece bolsas de formación: cinco bolsas para persoas con grao en arquitectura ou con grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante; unha bolsa para persoas con grao de Arquitectura Técnica; seis bolsas para persoas con grao en Dereito e unha bolsa para persoas con grao en Economía.
4. En atención ás solicitudes presentadas, non hai solicitudes suficientes para conceder as bolsas para persoas con grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante e para a bolsa para persoas con grao en Arquitectura Técnica.
5. O 14 de abril de 2026 o director xeral do IGVS, consonte ao establecido no punto cinco do ordinal décimo sétimo da Resolución do 21 de xullo de 2022 e no punto quinto do ordinal décimo cuarto da Resolución de 11 de decembro de 2025, resolve que se poidan cubrir as prazas vacantes da convocatoria de 2026 coas solicitudes excedentes das outras titulacións convocadas.



6. O 18 de maio de 2026 o director xeral do IGVS, de acordo co ordinal décimo da resolución de 11 de decembro de 2025, dita resolución de concesión das 13 bolsas convocadas.

6. Á vista das persoas graduadas beneficiarias das bolsas, considérase axeitado alterar a distribución territorial inicial para favorecer a súa formación.

Fundamentos de dereito

1. O punto terceiro do ordinal primeiro da resolución do 11 de decembro establece que: *"As bolsas de formación leváranse a cabo en xornada de mañá, de luns a venres, nas dependencias do IGVS, coa seguinte distribución territorial: unha persoa con grao en Arquitectura ou grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante na Área Provincial do IGVS da Coruña; unha persoa con grao en Arquitectura ou grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante na Área Provincial do IGVS de Lugo; unha persoa con grao en Arquitectura ou grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante na Área Provincial do IGVS de Pontevedra; unha persoa con grao en Dereito na Área Provincial do IGVS de Ourense.*

As demais bolsas levaranse a cabo nos servizos centrais do IGVS, en Santiago de Compostela.

Esta distribución poderá ser modificada mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral do IGVS cando se considere favorable para a formación das persoas beneficiarias da bolsa".

Polo anterior, **RESOLVO**

Alterar a distribución territorial das bolsas quedando como segue:

- unha persoa con grao en Arquitectura ou grao en estudos de Arquitectura con máster habilitante na Área Provincial do IGVS da Coruña.
- unha persoa con grao en Dereito na Área Provincial do IGVS de Ourense.



- unha persoa con grao en Dereito na Área Provincial do IGVS de Lugo.
- unha persoa con grao en Dereito na Área Provincial do IGVS de Pontevedra.
- tres persoas con grao en Dereito nos servizos centrais do IGVS, en Santiago de Compostela.
- unha persoa con grao en Economía nos servizos centrais do IGVS, en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital deste documento.

O director xeral do IGVS

Heriberto García Porto

